

## GRAZAS EN NOME DO SEÑOR LAMOTE

THANK YOU ON BEHALF OF MR. LAMOTE

Paco Martín

Ben sei que, en casos coma o que aquí nos reúne hoxe, cómpre comezar saudando, coa cerimonia que a cadaquén corresponde, a todas as persoas que teñen a deferencia de nos acompañar participando dun ou doutro xeito neste encontro e nos conceden a xenerosidade de pensar que un servidor é merecente deste entrañable agasallo. É así quero facelo agora dando mostra da satisfacción coa que recibo a presenza da familia miña e mais a de tantas amigas e amigos —tamén a daqueles que, polas razóns que sexan, non poden estar agora aquí—. Grazas tamén ás institucións e ás persoas que as representan por colaboraren para que isto sexa posible, e cito as que aparecen ó pé do cartel anunciador: a Real Academia Galega, a Deputación de Lugo, a Xunta de Galicia, o Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades e mais o Círculo das Artes, editor do meu primeiro libro publicado e un dos principais motivos das miñas andainas de primeira xuventude poñendo clases a domicilio para así aforrar os cartos precisos para me poder asociar ó que daquela era, e segue a ser, espazo ineludible da vida cultural luguesa, espazo que agora nos acolle.

Recoñecemento especial a Marilar Aleixandre, organizadora, na súa condición de académica, de iniciativas coma esta; a Isabel Soto e Alejandro Tobar, admirados amigos a quen tanto e tan ben lles quero e de quen tanto xenerosamente recibo, a Lois Pérez, laborioso e activo representante en Lugo da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega, unha lembranza entrañable do ilustrador Xan Balboa e a Branca Villares por facer bo aquí aquilo que Borges dicía citando a Pater: “Todas as artes van dar á música”.

Un servidor de todos vostedes, que pretende, na medida na que llo permiten vaidades e egoísmos, ter unha certa conciencia das súas moitas limitacións, non entende demasiado ben as razóns que moveron estas persoas

para me invitar a que hoxe teña eu o privilexio de ser aquí convidado de honra. Non saio pola televisión, dificilmente se me escoitará dicir *en base a, a día de hoxe* ou *poñer en valor*, non se me convida a participar en ningún deses faladoiros pedantes nos que todos saben todo de todo, non aturo a ningún dos moitos salvadores que cren ter dereito a decidir a sorte dos demais, non podo persoalmente oufanarme de nada e, por riba, padezo covardemente a aterradora vergoña de ser muda testemuña do asasinato impune de milleiros de semellantes meus na Palestina.

Son fillo duns tempos nos que aínda eran apreciábeis os aires de veladas ameazas e vellos rancores, nos que aínda era posible saber de medos agachados e fachendas pouco disimuladas que mesmo os cativos percibiamos sen sermos sabedores das súas causas; uns tempos de informacións prefabricadas nos xornais e dos noticiarios dunha radio de seriais e discos dedicados pola primeira comunión —haberá hoxe quen diga que nalgúns destes aspectos non é demasiada a mudanza, e non serei eu quen llo discuta—, seriais de argumento sentimental e concursos de afeccionados á chamada canción española. Cativos eramos que, penso eu, formabamos parte dunha sociedade presa na esperanza que, en esencia, vía en nós adultos sen aínda medrar de todo dos que se agardaba que o máis axiña posible estivésemos en condicións de contribuír á mellora das condicións familiares; nenas e nenos que mantiñamos as nosas fantasías axudados dos contos contados polos demais, da contribución de determinadas bibliotecas como a do Instituto, os cómics e novelas que se podían alugar por uns poucos céntimos de peseta, o cine cando era economicamente posible e a imaxinación que en nós espertaban, chea de soños de futuro e mundos ideais.

Así e todo, cando nos chegou o momento de bater coa realidade, soube-mos enfrontala coa naturalidade de quen xa a viñera aprendendo ós poucos.

Fíxenme mestre de escola e pensei, daquela, que unha das miñas obrigas era intentar esquecer a infancia propia para mellor comprender a dos meus alumnos, pero, afortunadamente, non foi posible e, como moitas e moitos dos que no ensino andabamos, pensei que era de xustiza traspasar os límites establecidos das programacións, erguerme de novo até aquelas miñas primeiras pretensións literarias e facer por compartilas... Permitídemme, xa que logo, a fachenda de pensar que eu agora aquí, neste acto, estou a recibir, en representación do señor Lamote Miñato, a homenaxe da que, eles si, son dignos merecentes os personaxes que enchen por obra das súas autoras e autores todos os libros nosos, entregando neles a palabra que nos fai ser quen somos, loitando por sumar algunha primavera máis ás que don Álvaro Cunqueiro soubo labrar e sementando o amor, o respecto e o orgullo cos que temos a obriga de manter a propia dignidade.